
II CONCURSO ESCOLAR DE DEBUXO E REDACCIÓN EN SEGURIDADE VIARIA

“PAPIS, EU PARTICIPO NA EDUCACIÓN VIARIA”

BASES DO CONCURSO

Obxectivos

- Promover unha nova cultura da Seguridade Viaria como contribución á redución dos índices de sinistralidade.
- Xerar un espazo de reflexión a través das imaxes e textos.
- Abrir un debate que nos permita reflexionar sobre a mobilidade e destacar os comportamentos de risco dos usuarios vulnerables nos contornos urbanos e interurbanos.
- Fomentar a creación e expresión artística do alumnado.
- Recoñecemento de destrezas de expresión e creación artística.

Participantes

Poderán participar neste certame de debuxo e redacción alumnado de Primaria matriculado en calquera colexio que pertenza ó Concello de Ourense.

Haberá **3 categorías**:

- **Primeira categoría:** 1º e 2º de Primaria.
- **Segunda categoría:** 3º e 4º de Primaria.
- **Terceira categoría:** 5º e 6º de Primaria.

En cada unha das categorías, **2 modalidades**. En calquera das modalidades poderá participar o alumnado de forma individual ou en grupos de un máximo de 4 persoas.

Características das modalidades

Debuxo: Realizaranse a cor e técnica libre con calquera material (lapis de cor, rotuladores, recortes para *collage*...), presentarase en DIN 4, seguindo o modelo do concurso.

Redacción: Manuscritos e presentarase conforme ó modelo do concurso.

Temática

O tema común dos traballos versará sobre a visión dos nenos e nenas sobre as condutas dos adultos en materia de seguridade viaria.

Presentación de traballos. Forma e Prazo

Os traballos deberán presentarse de acordo cos **modelos (plantillas)** do concurso, e cada alumno/a ou grupo poderá participar exclusivamente nunha das modalidades cun só traballo, no que se deberá indicar: título e curso. Desestimaranse aqueles traballos que inclúan o nome. O centro escolar realizará unha preselección dos traballos (6 como máximo sumando debuxos e redaccións por cada categoría do concurso).

Unha vez realizada a preselección, o centro educativo asignará un código de identificación a cada traballo, que consignará para identificar ós premiados logo da decisión do xurado. Para iso, o centro educativo elaborará unha listaxe cos traballos preseleccionados indicando por cada traballo: código de identificación, nome completo e idade do ou dos participantes (se é un grupo) e curso. Esta listaxe se introducirá nun sobre pechado e selado polo centro, coa finalidade de que se manteña o anonimato dos traballos no proceso de valoración por parte do xurado.

O centro escolar presentará de forma conxunta todos os traballos no Ponte Vella Centro Comercial (Punto de atención ao cliente ou nas oficinas), **con data límite o martes 31 de maio**.

Selección dos traballos e decisión do Xurado

Cada Centro Educativo será quen realice unha primeira selección de traballos, presentando como máximo 6 traballos (sumando debuxos e redacción) por cada categoría. A selección final de gañadores realizarase por proposta dun xurado e comunicáraselle tanto ó Centro educativo como ós premiados, facendo pública a decisión do xurado a través da web e redes sociais do Ponte Vella Centro Comercial. Os traballos gañadores expóranse ao público tamén no Ponte Vella Centro Comercial.

A decisión será inapelable, farase público o nome dos premiados e a **entrega de premios será nos primeiros días de xuño**, nun evento especial que se celebrará no Ponte Vella Centro Comercial e Ocio.

Criterios de valoración

Debuxo: valorarase a calidade técnica, orixinalidade, creatividade e tratamento da temática do concurso.

Redacción: orde, capacidade de razoamento, orixinalidade, precisión sintáctica, ortografía e tratamento da temática do concurso.

Composición do xurado

O xurado estará composto por un membro de cada unha das empresas organizadoras e colaboradoras do concurso.

Premios (para cada categoría)

Modalidade de Debuxo

- **1º premio:** Trofeo e diploma
- **2º premio:** Trofeo e diploma
- **3º premio:** Trofeo e diploma

Modalidade de Redacción

- **1º premio:** Trofeo e diploma
- **2º premio:** Trofeo e diploma
- **3º premio:** Trofeo e diploma

As empresas colaboradoras, así como algúns establecementos de Ponte Vella Centro Comercial y Ocio entregarán unha agasallos ós premiados e ós nenos/as que asistan ó evento final.

Disposición dos traballos

Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da organización do concurso e os autores e autoras cederán os dereitos de reprodución das súas obras. A concorrencia a este Concurso implica a aceptación destas bases e a decisión do Xurado.